



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA Nº 2020/11

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN

SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE LOUSAME,
VENRES, 14 DE AGOSTO DE 2020

No día de hoxe, ás **21:15 horas**, baixo a presidencia da Alcaldía-Presidencia, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, **SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE** do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

MARÍA TERESA VILLAYERDE PAIS (PP)

ASISTEN:

PP (GPM do PP)

RAMON MARTINEZ RIAL
SILVIA AGRAFOJO FILGUEIRA
RAMÓN FIGUEROA PÉREZ
YÉSICA FERNÁNDEZ MIGUÉNS
JESÚS MARTÍNEZ CASTRO
JOSÉ ANTONIO CES BARREIRO

PSdG-PSOE (GPM do PSdG-PSOE)

JULIO MANUEL DANIEL PARADELA BUSTO
BEATRIZ GONZALEZ BARGO
IVAN BERMUDEZ CASTRO

BNG (Grupo Mixto)

ANXO MOLEDO CARREÑO

AUSENCIAS:

SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A:

PAULA ARES OTERO

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldesa e da Secretaria (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

Parte resolutiva:

1. Ratificación, se procede, da urxencia da sesión.
2. Aprobación, se procede, do desistimento do expediente de contratación EC 3/2020 "Aforro enerxético nos alumeados públicos do Concello de Lousame. Fase II"
3. Aprobación, se procede, do expediente de contratación EC 3b/2020 "Aforro enerxético nos alumeados públicos do Concello de Lousame. Fase II"

1) RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA URXENCIA DA SESIÓN.

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación do Pleno Corporativo e que é a que de seguido se indica:

.....

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

De xeito ordinario as sesións do órganos colexiados deben ser convocadas cunha antelación mínima de dous días hábiles entre a data da convocatoria e o día da celebración da sesión de que se trate.

Non obstante, poderán celebrarse sesións co carácter de urxente, sen respectar esa antelación na convocatoria, cando existan razóns debidamente motivadas de urxencia que así o aconsellen, requiríndose que se ratifique esa urxencia da convocatoria e sesión, por maioría simple.

2

As razóns que motivan a urxencia na convocatoria da sesión son as seguintes:

- 1 Existen dous expedientes que están ultimados para ser sometidos a aprobación do órgano competente (Pleno Corporativo), que son os seguintes:
 - **Desistimento do expediente de contratación 3/2020: Renovación dos alumeados públicos no Concello de Lousame. Fase II.** Unha vez aprobado o expediente de contratación, na fase de presentación de proposicións, obsérvase que existe unha contradición non emendable entre o documento técnico e o prego de cláusulas administrativas particulares, que obrigan ao Concello a desistir deste procedemento de contratación, para corrixir o erro detectado e volver a licitar o investimento.
 - **Aprobación do expediente de contratación 3b/2020: Renovación dos alumeados públicos no Concello de Lousame. Fase II.** Feitas as consultas oportunas co organismo subvencionador e corrixido o erro detectado no documento técnico é preciso aprobar o expediente de contratación para proceder do xeito máis rápido posible á súa licitación.
- 2 O segundo expediente administrativo quedou ultimado o día 11/8/2020.
- 3 Este expediente de contratación (EC 3b/2020) está sometido a regulación harmonizada. Isto implica que ten un prazo de presentación de proposicións de 30 días naturais. E que entre a adxudicación e a formalización do contrato deben transcorrer 15 días hábiles. Para lograr executar o 50% do contrato no exercicio 2020 debe acelerarse a aprobación do expediente de contratación.

Por todos estes motivos, esta Alcaldía propón ao Pleno Corporativo que adopte o seguinte acordo:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Ratificar a urxencia da sesión extraordinaria e urxente convocada para o venres, día 14 de agosto de 2020, ás 21:15 horas, así como a inclusión dos asuntos referenciados na Orde do Día.

Documento asinado dixitalmente

A Alcaldesa
M^{ra} Teresa Villaverde Pais

.....
A Alcaldía pregunta se hai intervencións.

Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por oito (8) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e Grupo Mixto) e tres (3) abstencións (emitidas polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: Ratificar a urxencia da sesión extraordinaria e urxente convocada para o venres, día 14 de agosto de 2020, ás 21:15 horas, así como a inclusión dos asuntos referenciados na Orde do Día.

2) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DESISTIMENTO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN EC 3/2020 “AFORRO ENERXÉTICO NOS ALUMEADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE LOUSAME. FASE II”

3

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación do Pleno Corporativo e que é a que de seguido se indica:

.....
PROPOSTA DE ACORDO: DESISTIMENTO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN 3.2020: AFORRO ENERXÉTICO NOS ALUMEADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE LOUSAME. FASE II.

O Pleno do Concello de Lousame, no uso das facultades que lle confire a Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), e á vista dos seguintes:

Antecedentes Administrativos:

1. Este contrato está parcialmente subvencionado (80%) polo IDAE, ao amparo do previsto no RD 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono, no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. Conta no expediente de contratación:
 - a. Memoria que serviu de base para solicitar a subvención ao IDAE.
 - b. Resolución de concesión de subvención polo IDAE do 13.11.2019, notificada o 20.11.2019 con RE núm. 2918.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





2. O 14/06/2020 incócase o EC 3/2020, cuxo obxecto é a contratación do subministro denominado “Aforro enerxético nos alumeados públicos do Concello de Lousame. Fase II”. Ordénase incorporar ao expediente administrativo:
 - a. O documento técnico redactado que actuará como Prego de Prescricións Técnicas, e que serviu de base para a solicitude da subvención ao IDAE.
 - b. Informe sobre a non división en lotes do contrato
 - c. Resolución do IDAE de concesión da subvención ao Concello de Lousame.
3. O 25/06/2020, por Providencia da Alcaldía, incorpóranse ao expediente de contratación os seguintes documentos, procedéndose á súa incoación:
 - a. Memoria xustificativa emitida ao abeiro do artigo 28 LCSP
 - b. O PCAP
 - c. Informe sobre os criterios de adjudicación do contrato para acadar a mellor relación calidade-prezo.
4. O órgano de contratación (o Pleno Corporativo), na sesión plenaria que tivo lugar o día 03.07.2020, aproba o EC 3/2020. Este expediente tramítase de xeito anticipado, xa que a aportación municipal relativa ao exercicio 2020 (89.097,14 €) quedaría dotada unha vez que entrase en vigor a Modificación orzamentaria 10/2020, crédito extraordinario, aprobado inicialmente polo Pleno Corporativo na sesión que tivo lugar o día 17.06.2020. Tamén acorda delegar na Alcaldía do Concello o levantamento da condición suspensiva á que esta sometido o EC 3/2020, unha vez que entre en vigor a MC 10/2020.
5. O 09/07/2020, no BOP núm. 104, publícase o acordo de delegación de competencias do Pleno na Alcaldía para ditar a Resolución de levantamento da condición suspensiva do contrato.
6. O 09/07/2020, sae publicado no DOUE o anuncio de licitación. O mesmo día sae publicado na Plataforma de Contratos do Sector Público, que actúa como Perfil do Contratante do Concello de Lousame, o anuncio de licitación, así como PCAP (*prego de cláusulas administrativas particulares*) e o PPT (*prego de prescricións técnicas*)
7. A MC 10/2020 entra en vigor coa súa publicación no BOP o día 17.07.2020.
8. O 22/07/2020 a Alcaldía emite a Resolución 363/2020 de levantamento da condición suspensiva á que estaba sometido o expediente de contratación.
9. Unha vez publicado o anuncio de licitación na PLACSP, os licitadores teñen a opción de formular preguntas sobre dúbidas que lles poidan xurdir en relación á documentación publicada.
10. Revisadas as preguntas formuladas, existen tres que advirten que pode haber unha errata entre o Prego de Prescricións Técnicas e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares. No documento técnico indícase que o prezo total sen IVE do subministro ascende a **736.340,00 €**, cantidade coincidente coa reflectida no PCAP na súa cláusula, que indica:

El presupuesto base de licitación asciende a la cuantía de 890.971,40 €, con el siguiente desglose:

Precio sin IVA	736.340,00 €
----------------	--------------





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

IVA (21%)	154.631,40 €
Precio con IVA	890.971,40 €

11. Sen embargo, ante a advertencia dos licitadores, analizouse o orzamento do subministro contido no documento técnico (*páxinas 251 a 265*). Despois de realizar a suma alxebrica de todas as partidas que compoñen o orzamento do subministro, compróbase que o resultado obtido é o de 763.340,00 € e non o de 736.340,00 €, existindo, polo tanto, unha incompatibilidade entre o prezo do subministro segundo o Prego de Prescricións Técnicas e crédito orzamentario habilitado para a licitación, e que figura recollido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

12. Á vista do anterior, a Alcaldía emite a Resolución núm. 370/2020 do 23.07.2020, na que en resumo se acorda:

Primeiro: Incoar o procedemento para que o órgano de contratación (Pleno Corporativo) acorde o desistimento do EC 3/2020, tal e como está plantexado, por existir unha incompatibilidade entre o prezo do subministro segundo o Prego de Prescricións Técnicas e crédito orzamentario habilitado para a licitación, e que figura recollido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares; para ser sometido a consideración do Pleno Corporativo.

Segundo: Iniciar os trámites administrativos para coordinar co IDAE, órgano subvencionador do proxecto de gasto, o xeito de emendar o erro detectado, que de lugar á reformulación do Prego de Prescricións Técnicas para adaptalo ao crédito orzamentario habilitado para a licitación.

Terceiro: Reformulado o Prego de Prescricións Técnicas, segundo o indicado no parágrafo anterior, incoar as actuacións administrativas preparatorias, para volver a someter a aprobación do órgano de contratación (Pleno Corporativo) o expediente de contratación 3/2020.

5

13. O 30/07/2020 a Secretaría-Intervención emite o seu informe núm. 145/2020 no que en resumo sinala:

- Que o desistimento do expediente de contratación 3/2020 estaría amparado legalmente, á vista do erro detectado no documento técnico que actúa como PPT. O órgano competente é o Pleno Corporativo.
- Debe incoarse un novo expediente de contratación no que se corrixa o erro detectado, para ser sometido de novo a aprobación do órgano competente (o Pleno Corporativo)

Fundamentación Xurídica:

1. Unha vez publicado o anuncio de licitación na PLACSP, os licitadores teñen a opción de formular preguntas sobre dúbidas que lles poidan xurdir en relación á documentación publicada.
2. Revisadas as preguntas formuladas, existen tres que advirten que pode haber unha errata entre o Prego de Prescricións Técnicas e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares. No documento técnico indícase que o prezo total sen IVE do subministro ascende a **736.340,00 €**, cantidade coincidente coa reflectida no PCAP na súa cláusula, que indica:

El presupuesto base de licitación asciende a la cuantía de 890.971,40 €, con el siguiente desglose:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Precio sin IVA	736.340,00 €
IVA (21%)	154.631,40 €
Precio con IVA	890.971,40 €

3. Sen embargo, ante a advertencia dos licitadores, analizouse o orzamento do subministro contido no documento técnico (*páxinas 251 a 265*). Despois de realizar a suma alxebrica de todas as partidas que compoñen o orzamento do subministro, compróbase que o resultado obtido é o de 763.340,00 € e non o de 736.340,00 €, existindo, polo tanto, unha incompatibilidade entre o prezo do subministro segundo o Prego de Prescricións Técnicas e crédito orzamentario habilitado para a licitación, e que figura recollido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.
4. Os pregos que rexen a contratación son a lei do contrato e teñen carácter vinculante, posto que rexen os dereitos e obrigas do contrato.
5. O erro cometido supón a infracción do artigo 100.1 da LCSP, en canto á fixación do orzamento base de licitación. No PCAP sinalase que o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación ascende a 736.000 €, sen IVE. E esta cantidade non é abondo para sufragar o orzamento de licitación “real” que deriva do PPT (763.340,00 €, sen IVE).
6. Sendo materialmente imposible continuar a licitación tal e como está configurada, cómpre desistir do EC 3/2020 tal e como está plantexado, na aplicación do artigo 152 da LCSP que permite ao órgano de contratación desistir dun procedemento de licitación cando se infrinxa unha norma relativa ao procedemento de adjudicación; como é o suposto que nos ocupa. Permitindo iniciar de inmediato un novo expediente de contratación.

6

Á vista dos antedecentes administrativos e fundamentos xurídicos sinalados, incorporado ao expediente o informe preceptivo da Secretaría-Intervención; e no uso das competencias conferidas pola DA 2ª da LCSP, o Pleno Corporativo **ACORDA**:

Primeiro: Desistir do expediente de contratación núm. 3/2020 do contrato de subministración, denominado “*Aforro enerxético nos alumeados públicos do Concello de Lousame. Fase II*”, polo erro cometido no documento técnico, que actúa como Prego de Prescricións Técnicas, que afectan á fixación do orzamento base de licitación.

Segundo: Publicar o presente acordo na Plataforma de Contratos do Sector Público, onde se aloxa o Perfil do Contratante do Concello de Lousame, co réxime de recursos aplicable.

Terceiro: Informar deste acordo de desistimento á Comisión Europea, posto que o anuncio de licitación foi publicado no Diario Oficial da Unión Europea.

Cuarto: Incoar un novo expediente de contratación, coa elaboración dun Prego de Prescricións Técnicas que corrixa o erro detectado.

Lousame, na data da sinatura dixital.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldesa
M^a Teresa Villaverde Pais

.....

A Alcaldía pregunta se hai intervencións.

D. Julio M. D. Paradela Busto considera que se houbera un interventor no Concello probablemente non se tivera cometido este erro, que vai supoñer unha demora na contratación. Tamén observa que hai varios decretos nos que se cometen erros e se corríxen. Ao seu grupo estráñalle todos eses erros e neste caso, ese baile de cifras.

A Alcaldía contesta que a ela tampouco lle gustan os erros.... Pero gustaríalle darlle unha semana ao voceiro do PSdG-PSOE para que estivera ao cargo do Concello e de seguro chegaba á conclusión de que se fai moitísimo cos medios que temos. Non entende como o Sr. Paradela Busto pode dicir que o Concello de Lousame non ten interventor.

D. Julio M. D. Paradela Busto fai ese comentario, a colación do que se tratou nun pleno anterior, relativo á falta de persoal na área de intervención.

A Alcaldesa concorda en que necesario contar con máis persoal nas Administracións Públicas... Ou facer o que se facía antes... que o Concello só acudía ao POS e non optaba a ningún outro tipo de axuda ou subvención... Son maneiras diferentes de facer as cousas.... No Concello temos unha boísima Secretaria e Interventora. Recórdolle que nos Concellos de menos de 5.000 habitantes, como Lousame, nunha mesma persoa agrúpase a figura do Secretario e do Interventor. Nos Concellos de máis de 5.000 habitantes, persoas diferentes desempeñan as figuras da Secretaría e Intervención... E isto está así imposto pola normativa. É certo que temos moitas cousas por sacar.... Pero invita ao Sr. Paradela Busto que compare ao Concello de Lousame con outros Concellos da comarca, e está segura que chegará á conclusión de como o Concello de Lousame pode facer tantas cousas, con tan poucos medios.

En relación ao erro no expediente de contratación, non foi un erro do Concello de Lousame, senón un erro no documento técnico, que o Concello non detectou. Pero tampouco o detectou o Ministerio... E está segura de que no ministerio hai moitísimo persoal... E aínda así tampouco se percataron desa circunstancia. A veces cométese erros... Pero este erro é emendable: corríxese e vólvese a licitar.

D. Julio M. D. Paradela Busto pregúntalle á Alcaldesa se é consciente que o erro cometido é un baile de cifras, o cambio dun número por outro.

A Alcaldesa contesta que si.

Non habendo máis intervencións, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por oito (8) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e Grupo Mixto) e tres (3) abstencións (emitidas polos





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

<<O Pleno do Concello de Lousame, no uso das facultades que lle confire a Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), e á vista dos seguintes:

Antecedentes Administrativos:

1. Este contrato está parcialmente subvencionado (80%) polo IDAE, ao amparo do previsto no RD 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono, no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. Conta no expediente de contratación:
 - a. Memoria que serviu de base para solicitar a subvención ao IDAE.
 - b. Resolución de concesión de subvención polo IDAE do 13.11.2019, notificada o 20.11.2019 con RE núm. 2918.
2. O 14/06/2020 incóase o EC 3/2020, cuxo obxecto é a contratación do subministro denominado "Aforro enerxético nos alumeados públicos do Concello de Lousame. Fase II". Ordénase incorporar ao expediente administrativo:
 - a. O documento técnico redactado que actuará como Prego de Prescricións Técnicas, e que serviu de base para a solicitude da subvención ao IDAE.
 - b. Informe sobre a non división en lotes do contrato
 - c. Resolución do IDAE de concesión da subvención ao Concello de Lousame.
3. O 25/06/2020, por Providencia da Alcaldía, incorpóranse ao expediente de contratación os seguintes documentos, procedéndose á súa incoación:
 - a. Memoria xustificativa emitida ao abeiro do artigo 28 LCSP
 - b. O PCAP
 - c. Informe sobre os criterios de adjudicación do contrato para acadar a mellor relación calidade-prezo.
4. O órgano de contratación (o Pleno Corporativo), na sesión plenaria que tivo lugar o día 03.07.2020, aproba o EC 3/2020. Este expediente tramítase de xeito anticipado, xa que a aportación municipal relativa ao exercicio 2020 (89.097,14 €) quedaría dotada unha vez que entrase en vigor a Modificación orzamentaria 10/2020, crédito extraordinario, aprobado inicialmente polo Pleno Corporativo na sesión que tivo lugar o día 17.06.2020. Tamén acorda delegar na Alcaldía do Concello o levantamento da condición suspensiva á que esta sometido o EC 3/2020, unha vez que entre en vigor a MC 10/2020.
5. O 09/07/2020, no BOP núm. 104, publícase o acordo de delegación de competencias do Pleno na Alcaldía para ditar a Resolución de levantamento da condición suspensiva do contrato.
6. O 09/07/2020, sae publicado no DOUE o anuncio de licitación. O mesmo día sae publicado na Plataforma de Contratos do Sector Público, que actúa como Perfil do Contratante do Concello de Lousame, o anuncio de licitación, así como PCAP (*prego de cláusulas administrativas particulares*) e o PPT (*prego de prescricións técnicas*)
7. A MC 10/2020 entra en vigor coa súa publicación no BOP o día 17.07.2020.
8. O 22/07/2020 a Alcaldía emite a Resolución 363/2020 de levantamento da condición suspensiva á que estaba sometido o expediente de contratación.

8





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

9. Unha vez publicado o anuncio de licitación na PLACSP, os licitadores teñen a opción de formular preguntas sobre dúbidas que lles poidan xurdir en relación á documentación publicada.
10. Revisadas as preguntas formuladas, existen tres que advirten que pode haber unha errata entre o Prego de Prescricións Técnicas e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares. No documento técnico indícase que o prezo total sen IVA do subministro ascende a **736.340,00 €**, cantidade coa reflectida no PCAP na súa cláusula, que indica:

El presupuesto base de licitación asciende a la cuantía de 890.971,40 €, con el siguiente desglose:

Precio sin IVA	736.340,00 €
IVA (21%)	154.631,40 €
Precio con IVA	890.971,40 €

11. Sen embargo, ante a advertencia dos licitadores, analizouse o orzamento do subministro contido no documento técnico (*páxinas 251 a 265*). Despois de realizar a suma alxebraica de todas as partidas que compoñen o orzamento do subministro, compróbase que o resultado obtido é o de 763.340,00 € e non o de 736.340,00 €, existindo, polo tanto, unha incompatibilidade entre o prezo do subministro segundo o Prego de Prescricións Técnicas e crédito orzamentario habilitado para a licitación, e que figura recollido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.
12. Á vista do anterior, a Alcaldía emite a Resolución núm. 370/2020 do 23.07.2020, na que en resumo se acorda:

Primeiro: Incoar o procedemento para que o órgano de contratación (Pleno Corporativo) acorde o desistimento do EC 3/2020, tal e como está plantexado, por existir unha incompatibilidade entre o prezo do subministro segundo o Prego de Prescricións Técnicas e crédito orzamentario habilitado para a licitación, e que figura recollido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares; para ser sometido a consideración do Pleno Corporativo.

Segundo: Iniciar os trámites administrativos para coordinar co IDAE, órgano subvencionador do proxecto de gasto, o xeito de emendar o erro detectado, que de lugar á reformulación do Prego de Prescricións Técnicas para adaptalo ao crédito orzamentario habilitado para a licitación.

Terceiro: Reformulado o Prego de Prescricións Técnicas, segundo o indicado no parágrafo anterior, incoar as actuacións administrativas preparatorias, para volver a someter a aprobación do órgano de contratación (Pleno Corporativo) o expediente de contratación 3/2020.

13. O 30/07/2020 a Secretaría-Intervención emite o seu informe núm. 145/2020 no que en resumo sinala:
- Que o desistimento do expediente de contratación 3/2020 estaría amparado legalmente, á vista do erro detectado no documento técnico que actúa como PPT. O órgano competente é o Pleno Corporativo.
 - Debe incoarse un novo expediente de contratación no que se corrixa o erro detectado, para ser sometido de novo a aprobación do órgano competente (o Pleno Corporativo)

Fundamentación Xurídica:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

1. Unha vez publicado o anuncio de licitación na PLACSP, os licitadores teñen a opción de formular preguntas sobre dúbidas que lles poidan xurdir en relación á documentación publicada.
2. Revisadas as preguntas formuladas, existen tres que advirten que pode haber unha errata entre o Prego de Prescricións Técnicas e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares. No documento técnico indícase que o prezo total sen IVA do subministro ascende a **736.340,00 €**, cantidade coincidente coa reflectida no PCAP na súa cláusula, que indica:

El presupuesto base de licitación asciende a la cuantía de **890.971,40 €**, con el siguiente desglose:

Precio sin IVA	736.340,00 €
IVA (21%)	154.631,40 €
Precio con IVA	890.971,40 €

3. Sen embargo, ante a advertencia dos licitadores, analizouse o orzamento do subministro contido no documento técnico (*páxinas 251 a 265*). Despois de realizar a suma alxebrica de todas as partidas que compoñen o orzamento do subministro, compróbase que o resultado obtido é o de 763.340,00 € e non o de 736.340,00 €, existindo, polo tanto, unha incompatibilidade entre o prezo do subministro segundo o Prego de Prescricións Técnicas e crédito orzamentario habilitado para a licitación, e que figura recollido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.
4. Os pregos que rexen a contratación son a lei do contrato e teñen carácter vinculante, posto que rexen os dereitos e obrigas do contrato.
5. O erro cometido supón a infracción do artigo 100.1 da LCSP, en canto á fixación do orzamento base de licitación. No PCAP sinalase que o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación ascende a 736.000 €, sen IVA. E esta cantidade non é abondo para sufragar o orzamento de licitación "real" que deriva do PPT (763.340,00 €, sen IVA).
6. Sendo materialmente imposible continuar a licitación tal e como está configurada, cómpre desistir do EC 3/2020 tal e como está plantexado, na aplicación do artigo 152 da LCSP que permite ao órgano de contratación desistir dun procedemento de licitación cando se infrinxa unha norma relativa ao procedemento de adxudicación; como é o suposto que nos ocupa. Permitindo iniciar de inmediato un novo expediente de contratación.

10

Á vista dos antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos sinalados, incorporado ao expediente o informe preceptivo da Secretaría-Intervención; e no uso das competencias conferidas pola DA 2ª da LCSP, o Pleno Corporativo **ACORDA**:

Primeiro: Desistir do expediente de contratación núm. 3/2020 do contrato de subministración, denominado "*Aforro enerxético nos alumeados públicos do Concello de Lousame. Fase II*", polo erro cometido no documento técnico, que actúa como Prego de Prescricións Técnicas, que afectan á fixación do orzamento base de licitación.

Segundo: Publicar o presente acordo na Plataforma de Contratos do Sector Público, onde se aloxa o Perfil do Contratante do Concello de Lousame, co réxime de recursos aplicable.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Terceiro: Informar deste acordo de desistimento á Comisión Europea, posto que o anuncio de licitación foi publicado no Diario Oficial da Unión Europea.

Cuarto: Incoar un novo expediente de contratación, coa elaboración dun Prego de Prescricións Técnicas que corrixa o erro detectado>>

3) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN EC 3B/2020 “AFORRO ENERXÉTICO NOS ALUMEADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE LOUSAME. FASE II”

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación do Pleno Corporativo e que é a que de seguido se indica:

.....

Este **Pleno Corporativo**, no uso das facultades que lle confire a DA 2ª da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), e á vista dos seguintes:

Antecedentes Administrativos:

- 1 Este contrato está parcialmente subvencionado (80%) polo IDAE, ao amparo do previsto no RD 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono, no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. Conta no expediente de contratación:
 - a. Memoria que serviu de base para solicitar a subvención ao IDAE.
 - b. Resolución de concesión de subvención polo IDAE do 13.11.2019, notificada o 20.11.2019 con RE núm. 2918.
- 2 No exercicio orzamentario 2020 existe crédito na aplicación 2020 165.61900 proxecto de gasto 03.20, por importe de 445.485,70 €. Deste importe a cantidade de 356.388,56 € correspóndese coa parte financiada polo IDAE, da anualidade 2020 (50% do proxecto total). A aportación municipal relativo ao exercicio 2020 (89.097,14 €) quedou dotada unha vez que entrou en vigor a Modificación orzamentaria 10/2020, crédito extraordinario, aprobado inicialmente polo Pleno Corporativo na sesión que tivo lugar o día 17.06.2020. Finalizado o prazo de exposición pública sen terse presentado alegacións, a MC 10/2020 quedou definitivamente aprobada e entrou en vigor coa súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, núm. 110 do 17/07/2020.
- 3 Proxecto técnico redactado polo enxeñeiro industrial D. Iago Pedreira Bestilleiro, asinado dixitalmente o 23.07.2020, que actuará como Prego de Prescricións Técnicas (PPT).
- 4 Informe redactado polo técnico redactor do proxecto, asinado dixitalmente o 11.08.2020, xustificativo da non división en lotes do contrato.

11





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- 5 Providencia da Alcaldía incorporando ao expediente de contratación: a) o proxecto técnico, b) informe técnico xustificativo da non división en lotes e c) Resolución do IDAE de concesión da subvención.
- 6 Memoria xustificativa da contratación, asinada pola Alcaldía, no cumprimento do artigo 28 da LCSP, onde se identifica:
 - a. a competencia local na materia,
 - b. a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir coa presente contratación e a idoneidade do obxecto e contido do contrato para satisfacer as citadas necesidades,
 - c. xustificación do procedemento de contratación (aberto)
 - d. valor estimado e prezo
 - e. Puntuación asignada aos criterios de adxudicación.
 - f. Financiación.
- 7 Informe redactado polo técnico redactor do proxecto técnico, que actúa como PPT, xustificando os criterios de adxudicación que deben ser empregados para alcanzar a mellor relación calidade-prezo, asinado dixitalmente o 11/08/2020.
- 8 Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 11/08/2020.
- 9 Providencia da Alcaldía do 11/08/2020 incorporando ao expediente de contratación: a) o PCAP b) a memoria xustificativa emitida ao abeiro do artigo 28 da LCSP c) informe do técnico redactor do proxecto acerca dos criterios de adxudicación que se deben empregar para conseguir a mellor relación calidade-prezo nos bens obxecto do subministro.
- 10 Informe do Técnico de Administración Xeral, do 11.08.2020.
- 11 Informe de fiscalización da secretaría-intervención núm. 147/2020 do 11.08.2020

12

Necesidades a cubrir e idoneidade na celebración do contrato:

Están especificadas no proxecto técnico redactado polo enxeñeiro industrial D. Iago Pedreira Bestilleiro, asinado dixitalmente o 23.07.2020, que actuará como Prego de Prescricións Técnicas (PPT) e na Memoria emitida pola Alcaldía ao abeiro do artigo 28 da LCSP, do día 11.08.2020.

Importe do contrato a celebrar:

- Prezo sen IVE: 736.340,00 €
- IVE (21%): 154.631,40 €
- Prezo con IVE: **890.971,40 €**

Procedemento de adxudicación e tramitación:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Tendo en conta a natureza da actuación e o seu custo, considérase que o procedemento máis axeitado para a súa contratación é o **procedemento aberto, tramitación ordinaria, con multiplicitade de criterios de adxudicación**. Trátase dun contrato de subministración, suxeito a regulación harmonizada.

Criterios de adxudicación e valoración:

En relación aos criterios de adxudicación, na aplicación do artigo 145 da LCSP realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo. A mellor relación calidade-prezo avaliarase con arranxo aos seguintes criterios:

Natureza do criterio	Criterio	Ponderación
Avaliable mediante xuízo de valor	Características técnicas das luminarias propostas	10 % (10 puntos)
	Estudio lumínico xustificativo	10 % (10 puntos)
	Memoria de execución do proxecto	5% (5 puntos)
	Plan de mantemento e reparación dos bens subministrados	5% (5 puntos)
Avaliable de xeito automático mediante a aplicación de fórmulas	Oferta económica	5 % (5 puntos)
	Prazo de garantía	20 % (20 puntos)
	Axuste da temperatura de cor das luminarias	20 % (20 puntos)
	Melloras na rede de alumeadado municipal	15 % (15 puntos)
	Subministro de máis unidades	10 % (10 puntos)
Puntuación máxima		100 % (100 puntos)
<i>Criterios avaliados mediante un xuízo de valor</i>		<i>30 % (30 puntos)</i>
<i>Criterios de valoración automática</i>		<i>70 % (70 puntos)</i>

13

Contrato plurianual:

Debido ao prazo de execución previsto (6 meses), e tendo en conta o tempo necesario para a culminación do expediente de contratación (*contrato suxeito a regulación harmonizada, susceptible de recurso especial en materia de contratación*), o contrato configúrase como **plurianual**, do seguinte xeito:

Ano	Execución anual estimada	Crédito presupuestario/ €	Financiación do IDAE (80%) / €	Aportación Municipal (20%)/ €
2020	3 meses (50% del proyecto técnico)	445.485,70	356.388,56	89.097,14
2021	3 meses (50% del proyecto técnico)	445.485,70	356.388,56	89.097,14
TOTAIS		890.971,40	712.777,12	178.194,28

Consta certificado de existencia de crédito na aplicación 2020 165.61900 proxecto de gasto 03.20, por importe de 445.485,70 €, que se corresponde co crédito orzamentario necesario para a anualidade 2020.

Redactado o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares cos seus Anexos, o Prego de Prescricións Técnicas. Incorporado ao expediente o informe preceptivo da Secretaría-Intervención; e no uso das

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

competencias conferidas pola DA 2ª da LCSP, este Pleno Corporativo.

ACORDA:

Primeiro: Aprobar o documento/proxecto técnico redactado polo enxeñeiro D. Iago Pedreira Bestilleiro (colexiado 2813 do Ilustre Colexio de Enxeñeiros Industriais de Galicia), asinado dixitalmente o 23.07.2020, que actúa como Prego de Prescricións Técnicas.

Segundo: Publicar o acordo de incoación do expediente, a xustificación requirida polo artigo 28 da LCSP e resolución de concesión da subvención polo IDAE no Perfil do Contratante do Concello, emprazado na PLACSP.

Terceiro: Aprobar o expediente de contratación núm. **3b/2020** do contrato de subministración, denominado **“Aforro enerxético nos alumeados públicos do Concello de Lousame. Fase II”**, por procedemento **aberto**, tramitación **ordinaria**, atendendo á unha pluralidade de criterios de adjudicación, cun orzamento total de execución por contrata de **890.971,40 €**, IVE (21%) incluído, cuxa execución se configura como plurianual do seguinte xeito:

Ano	Execución anual estimada	Crédito presupuestario/ €	Financiación do IDAE (80%) / €	Aportación Municipal (20%)/ €
2020	3 meses (50% del proyecto técnico)	445.485,70	356.388,56	89.097,14
2021	3 meses (50% del proyecto técnico)	445.485,70	356.388,56	89.097,14
TOTAIS		890.971,40	712.777,12	178.194,28

14

Cuarto: Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, cos seus Anexos.

Quinto: Dispoñer a apertura do procedemento **aberto** de adjudicación, tramitación **ordinaria** e publicar anuncio de licitación no Perfil de Contratante do Concello, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, así como Diario Oficial da Unión Europea, ao tratase dun contrato suxeito a regulación harmonizada.

Sexto: Publicar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, o Prego de Prescricións Técnicas, a composición da Mesa de Contratación e este acordo de aprobación do expediente de contratación, no Perfil do Contratante.

Sétimo: Autorizar o gasto (Fase A), con cargo á aplicación orzamentaria **2020 165.61900 PG 03.20**.

.....
A Alcaldía pregunta se hai intervencións.

Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

<<Este **Pleno Corporativo**, no uso das facultades que lle confire a DA 2ª da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), e á vista dos seguintes:

Antecedentes Administrativos:

- 1 Este contrato está parcialmente subvencionado (80%) polo IDAE, ao amparo do previsto no RD 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono, no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. Conta no expediente de contratación:
 - a. Memoria que serviu de base para solicitar a subvención ao IDAE.
 - b. Resolución de concesión de subvención polo IDAE do 13.11.2019, notificada o 20.11.2019 con RE núm. 2918.
- 2 No exercicio orzamentario 2020 existe crédito na aplicación 2020 165.61900 proxecto de gasto 03.20, por importe de 445.485,70 €. Deste importe a cantidade de 356.388,56 € correspóndese coa parte financiada polo IDAE, da anualidade 2020 (50% do proxecto total). A aportación municipal relativo ao exercicio 2020 (89.097,14 €) quedou dotada unha vez que entrou en vigor a Modificación orzamentaria 10/2020, crédito extraordinario, aprobado inicialmente polo Pleno Corporativo na sesión que tivo lugar o día 17.06.2020. Finalizado o prazo de exposición pública sen terse presentado alegacións, a MC 10/2020 quedou definitivamente aprobada e entrou en vigor coa súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, núm. 110 do 17/07/2020.
- 3 Proxecto técnico redactado polo enxeñeiro industrial D. Iago Pedreira Bestilleiro, asinado dixitalmente o 23.07.2020, que actuará como Prego de Prescricións Técnicas (PPT).
- 4 Informe redactado polo técnico redactor do proxecto, asinado dixitalmente o 11.08.2020, xustificativo da non división en lotes do contrato.
- 5 Providencia da Alcaldía incorporando ao expediente de contratación: a) o proxecto técnico, b) informe técnico xustificativo da non división en lotes e c) Resolución do IDAE de concesión da subvención.
- 6 Memoria xustificativa da contratación, asinada pola Alcaldía, no cumprimento do artigo 28 da LCSP, onde se identifica:
 - a. a competencia local na materia,
 - b. a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir coa presente contratación e a idoneidade do obxecto e contido do contrato para satisfacer as citadas necesidades,
 - c. xustificación do procedemento de contratación (aberto)
 - d. valor estimado e prezo
 - e. Puntuación asignada aos criterios de adjudicación.
 - f. Financiación.
- 7 Informe redactado polo técnico redactor do proxecto técnico, que actúa como PPT, xustificando os criterios de adjudicación que deben ser empregados para alcanzar a mellor relación calidade-prezo, asinado dixitalmente o 11/08/2020.
- 8 Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 11/08/2020.
- 9 Providencia da Alcaldía do 11/08/2020 incorporando ao expediente de contratación: a) o PCAP b) a memoria xustificativa emitida ao abeiro do artigo 28 da LCSP c) informe do técnico redactor do proxecto acerca dos criterios de adjudicación que se deben empregar para conseguir a mellor relación calidade-prezo nos bens obxecto do subministro.
- 10 Informe do Técnico de Administración Xeral, do 11.08.2020.

15





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

11 Informe de fiscalización da secretaría-intervención núm. 147/2020 do 11.08.2020

Necesidades a cubrir e idoneidade na celebración do contrato:

Están especificadas no proxecto técnico redactado polo enxeñeiro industrial D. Iago Pedreira Bestilleiro, asinado dixitalmente o 23.07.2020, que actuará como Prego de Prescricións Técnicas (PPT) e na Memoria emitida pola Alcaldía ao abeiro do artigo 28 da LCSP, do día 11.08.2020.

Importe do contrato a celebrar:

- Prezo sen IVE: 736.340,00 €
- IVE (21%): 154.631,40 €
- Prezo con IVE: **890.971,40 €**

Procedemento de adxudicación e tramitación:

Tendo en conta a natureza da actuación e o seu custo, considérase que o procedemento máis axeitado para a súa contratación é o **procedemento aberto, tramitación ordinaria, con multiplicidade de criterios de adxudicación**. Trátase dun contrato de subministración, suxeito a regulación harmonizada.

Criterios de adxudicación e valoración:

En relación aos criterios de adxudicación, na aplicación do artigo 145 da LCSP realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo. A mellor relación calidade-prezo avaliarase con arranxo aos seguintes criterios:

16

Natureza do criterio	Criterio	Ponderación
Avaliable mediante xuízo de valor	Características técnicas das luminarias propostas	10 % (10 puntos)
	Estudio lumínico xustificativo	10 % (10 puntos)
	Memoria de execución do proxecto	5% (5 puntos)
	Plan de mantemento e reparación dos bens subministrados	5% (5 puntos)
Avaliable de xeito automático mediante a aplicación de fórmulas	Oferta económica	5 % (5 puntos)
	Prazo de garantía	20 % (20 puntos)
	Axuste da temperatura de cor das luminarias	20 % (20 puntos)
	Melloras na rede de alumeados municipal	15 % (15 puntos)
	Subministro de máis unidades	10 % (10 puntos)
Puntuación máxima		100 % (100 puntos)
<i>Criterios avaliados mediante un xuízo de valor</i>		<i>30 % (30 puntos)</i>
<i>Criterios de valoración automática</i>		<i>70 % (70 puntos)</i>





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Contrato plurianual:

Debido ao prazo de execución previsto (6 meses), e tendo en conta o tempo necesario para a culminación do expediente de contratación (*contrato suxeito a regulación harmonizada, susceptible de recurso especial en materia de contratación*), o contrato configúrase como **plurianual**, do seguinte xeito:

Ano	Execución anual estimada	Crédito presupuestario/ €	Financiación do IDAE (80%) / €	Aportación Municipal (20%)/ €
2020	3 meses (50% del proyecto técnico)	445.485,70	356.388,56	89.097,14
2021	3 meses (50% del proyecto técnico)	445.485,70	356.388,56	89.097,14
TOTAIS		890.971,40	712.777,12	178.194,28

Consta certificado de existencia de crédito na aplicación 2020 165.61900 proxecto de gasto 03.20, por importe de 445.485,70 €, que se corresponde co crédito orzamentario necesario para a anualidade 2020.

Redactado o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares cos seus Anexos, o Prego de Prescricións Técnicas. Incorporado ao expediente o informe preceptivo da Secretaría-Intervención; e no uso das competencias conferidas pola DA 2ª da LCSP, este Pleno Corporativo.

ACORDA:

Primeiro: Aprobar o documento/proxecto técnico redactado polo enxeñeiro D. Iago Pedreira Bestilleiro (colexiado 2813 do Ilustre Colexio de Enxeñeiros Industriais de Galicia), asinado dixitalmente o 23.07.2020, que actúa como Prego de Prescricións Técnicas.

Segundo: Publicar o acordo de incoación do expediente, a xustificación requirida polo artigo 28 da LCSP e resolución de concesión da subvención polo IDAE no Perfil do Contratante do Concello, emprazado na PLACSP.

Terceiro: Aprobar o expediente de contratación núm. **3b/2020** do contrato de subministración, denominado **“Aforro enerxético nos alumeados públicos do Concello de Lousame. Fase II”**, por procedemento **aberto**, tramitación **ordinaria**, atendendo á unha pluralidade de criterios de adxudicación, cun orzamento total de execución por contrata de **890.971,40 €**, IVE (21%) incluído, cuxa execución se configura como plurianual do seguinte xeito:

Ano	Execución anual estimada	Crédito presupuestario/ €	Financiación do IDAE (80%) / €	Aportación Municipal (20%)/ €
2020	3 meses (50% del proyecto técnico)	445.485,70	356.388,56	89.097,14
2021	3 meses (50% del proyecto técnico)	445.485,70	356.388,56	89.097,14
TOTAIS		890.971,40	712.777,12	178.194,28

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Cuarto: Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, cos seus Anexos.

Quinto: Dispoñer a apertura do procedemento **aberto** de adjudicación, tramitación **ordinaria** e publicar anuncio de licitación no Perfil de Contratante do Concello, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, así como Diario Oficial da Unión Europea, ao tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada.

Sexto: Publicar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, o Prego de Prescricións Técnicas, a composición da Mesa de Contratación e este acordo de aprobación do expediente de contratación, no Perfil do Contratante.

Sétimo: Autorizar o gasto (Fase A), con cargo á aplicación orzamentaria **2020 165.61900 PG 03.20.>>**

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte e unha horas e trinta e cinco minutos (21:35 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A ALCALDESA-PRESIDENTA

A SECRETARIA-INTERVENTORA

María Teresa Villaverde Pais

Paula Ares Otero

